

PEZA DO MES

novembro

1999



DIONYSOS E AMPELOS.

ESCULTURA DE VULTO REDONDO, EN MÁRMORE BRANCO, NON PULIDO E MOI DEGRADADO, REPRESENTANDO A DIONYSOS EBRIO ASISTIDO POLO SÁTIRO AMPELOS, TEMA MITOLÓXICO QUE DERIVA DE MODELOS HELENÍSTICOS.

PEZA EXCEPCIONAL DENTRO DA PLÁSTICA ROMANA DE GALICIA, TANTO POLO MATERIAL COMO POLA SÚA FORMULACIÓN CLASICISTA DE INSPIRACIÓN CULTA.





DIONYSOS E AMPELOS.

Nº REXISTRO: 3.907

MEDIDAS: 93 alto x 62 longo x 41 ancho

DATA INGRESO: 4 abril 1964

LUGAR DO ACHADO: A Muradella,
Mourazos; Verín

MATERIAL: Mármore

Baixo a denominación de "escultura ideal" coñécense as representacións de divinidades, heroes e outras figuras mitolóxicas e personificacións, salvo excepcións, coma por exemplo efixies de *genii* ou de *lares*, que son creacións netamente romanas. Este xénero de esculturas adoitan ser copias ou, máis frecuentemente, modificacións das orixinais gregas. A súa cronoloxía abrangue dende o período arcaico ata o tardo helenismo; e aínda que utiliza unha lin-

guaxe estética grega, non por eso deixa de ser unha arte netamente romana na súa concepción e transfondo.

A maior parte da escultura ideal romana en Hispania pertence ó ámbito doméstico, é dicir, estaba destinada a decorar as estancias de recepción, os peristilos, os xardíns e fontes das casas urbanas ou das vilas no campo.

No que respecta á temática, na escultura ideal de Hispania, tanto en mármore coma en bronce, dáse un notable predominio de representacións de practicamente tódolos deuses do panteón greco-romano, aínda que se observa unha marcada preferencia por Venus, Diana e principalmente Baco e os personaxes do seu cortexo, coma son os faunos, silenos e sátiros.

Este personaxe, coñecido tamén por Dionysos, foi identificado en Roma co antigo deus itálico *Liber-Pater*, gozando dunha popularidade extraordinaria e sendo amplamente representado por artistas gregos e romanos en cerámica, pintura, moedas, terracotas, relevos e mosaicos e mencionado en numerosas fontes literarias. Non foi soamente o deus do viño, da vexetación e dos praceres, senón a divindade da civilización e segundo a concepción órfica unha modalidade do deus supremo, Xúpiter.

Na arte antiga, Dionysos é ante todo un deus de larga barba, coroado de hedra e vide, que leva un cántaro e vai vestido de túnica cumprida. A finais do S. V a.C., comeza a representarse cun aspecto de adolescente imberbe.

O grupo escultórico aquí representado fórmano dúas figuras nús, masculinas, á maior delas fáltalle a cabeza e o brazo dereito dende pouco máis abaixo do ombro. O grupo interprétase como Dionysos ebrio asistido polo sátiro Ampelos - a vide-, tema mitolóxico que deriva de modelos helenísticos e do que existen numerosos paralelos.

A figura de Dionysos describe no seu contorno unha lixeira "S" que lembra, en liñas



VISTA POSTERIOR

xerais, a actitude do Apollo Lykeios de Praxiteles, o seu indolente abandono, suave ritmo de liñas, cheas de sensualidade, lixeiro esbozamento dos pectorais e pequeno avultamento como expresión do órgano sexual. O peso do seu corpo descansa sobre a perna esquerda, mentres a dereita aparece levemente flexionada, acusando na súa cadeira unha acentuada curvatura. O brazo esquerdo dispónse, case que sen forzas, no ombro de Ampelos, quen ó tempo que ergue a súa cabeza vixiante, cingue co seu brazo dereito a figura de Baco, apoiando a man sobre a súa espalda, tratando de soste o equilibrio da deidade abafada polos vapores da bebida.

A consecución da estabilidade de ámbalas dúas figuras conséguese mediante a presenza na parte traseira dun grosso tronco de árbore adherido á perna esquerda de Dionysos e sobre o que, sentado a carranchapernas, descansa o sátiro cunha pose descarada e ordinaria.

A obra, polo ambiente húmido no que permaneceu soterrada, chegou ata nós extremadamente erosionada, o que non permite apreciar os detalles do seu tratamento, senón só os volumes e as formas xerais da mesma. A pesar desto, contitúe unha peza excepcional dentro da plástica romana de Galicia, tanto polo seu material –son moi poucos os exemplares de mármore chegados ata nós– coma pola súa formulación clasicista de inspiración culta.

García Bellido sostén que se trata dunha "interpretación" sobre un modelo de bronce, pola presenza do tronco da árbore, o que condiciona a posición do sátiro. Suxire tamén a inspiración nun relevo ou pintura polo modo en que está resolta a parte traseira do grupo escultórico.

Estas peculiaridades levan a Balil a expor que estamos ante unha obra non de arte culta, senón dunha realización artística provincial hispánica, considerándoa unha peza importada que proviría dun posible centro de produción aquitano ou itálico, chegada a Galicia no marco do amplo intercambio comercial do momento, pois nada nos permite individualizar como produción "galega" esta peza.

Atopouse no castro da Muradella, cerca de Mourazos, Verín, onde se evidenciaron signos de romanización, como son fragmentos de ímbrices, *tegulae* e ladrillos, xunto con fragmentos doutra escultura, documentando a existencia dunha *villae* datada no século III d. C. Esta escultura estaría nunha das estancias como elemento decorativo.

Resulta interesante que este tema xurdira como plasmación no ámbito rural, pois revela a existencia de persoas con gustos e coñecementos clásicos que nos levan a xentes non indíxenas ou nativos moi romanizados, tal vez algún empregado da administración imperial existente.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

Presentación da peza do mes o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFIA: Fernando del Rio.

MAQUETA: Araceli Gallego. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J. Carlos García España.

DEPOSITO LEGAL:VG-40-1999



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO '99
Galicia



Praza Maior, s/n. – Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 – 32005 OURENSE

